

O fantástico sen cancelas

Vidas exemplares · Uxía Casal · Xerais, 2006 · 160 páx. · 14,80 euros

Ao longo da súa traxectoria, moitos escritores sentíronse atraídos polo *lado salvaxe*, por un espazo inédito no que agroma o sinistro e o inesperado. Os contos de terror e misterio foron a especialidade dalgúns autores e a inclinación temporal doutros, seducidos por unha busca que vai máis aló do aparente. Parece ser este o caso de Uxía Casal, que neste libro percorre un camiño cara ao descoñecido que aparece baixo múltiples formas.

Vidas exemplares, tal e como puidera suxerir, dista moito de ser un compendio de haxiografías. Nas historias de Casal amóreanse personaxes dubidosos que sofren as consecuencias, nas máis das veces, dos seus actos. Pode falarse de tres tipos de relatos ou, máis ben, tres tipos de referencias desde os que están escritos. Contos como “Conversa na escuridade”, “O regreso da enviada” ou “Mar de fondo” poden inscribirse dentro do xénero fantástico, dun xeito máis suxerido ca substancial, e que, no caso das dúas primeiras, as máis logradas do conxunto, teñen un fío condutor. Un bo número de historias teñen que ver co *Umheimlich*, co sinistro, que se agocha no cotián. Relacións viciadas, vencellos misteriosos que, en ambientes mestos, case pegañentos, teñen finais mesmo chocantes. Semella que Casal vexa na institución familiar un perigo constante (quen non?) e toda a parentela –pais, fillos, irmáns– fiquen baixo sospeita. Por veces é un elemento extraño o que irrompe nesa idílica vida doméstica como no caso da lotaría de “O sorriso de Tadeu”, noutras, o inquietante latexa por tras da normalidade de compañeiros de cuarto e herdanzas familiares.

A lenda urbana tamén alimenta algunha das historias do libro, se ben serve como referencia para un desenvolvemento máis completo. O psicópata da “Área de descanso” ou o animal de “Feliz aniversario” semellan partir deses contiños verídicos (“pasoulle a un amigo dun amigo”) que se difunden nos ascensores e nas carnizarías.

Nestas *Vidas exemplares* hai tamén contos propios da tradi-

ción do terror. Quizais o máis canónico sexa “O pazo de Galdán”, unha historia gótica en pazo barroco, onde un narrador inesperado desvela aos poucos o misterio. Quizais tamén sexa o relato que, malia a pegada de toda unha narrativa asociada a “voltas de torniqueta” europeas, se achegue máis ao galego. Non se trata aquí de crear gaitas asesinas (no Obradoiro son pavorosas) nin de acudir aos tópicos de cinematografía barata española



de santas compañas e lobishomes. Bótase en falta un ollar cara a un Fole que mete medo non só polos arrepiños dos seus relatos pre-electricidade senón por esa lingua que está case tan fóra deste mundo coma os seus aparecidos. Outros autores, Carlos Fuentes en *Inquieta compañía* ou Juan Rulfo, teñen incorporado elementos da súa tradición, no seu caso a mexicana, nuns relatos que gañan en profundidade e proximidade.

Canto ao narrativo, Casal gaña cando deixa falar aos seus personaxes e artella a historia por medio de diálogos. Estas conversas, sobre todo no caso dos relatos máis fantásticos, permiten ao lector tirar as súas propias conclusións do que se conta e, á vez, abrir un abano de especulacións sobre todo o que non se di, que é moito.

Se un dos cometidos da autora ao introducarnos en mundos alternativos foi o de espertar sensación, pode dicirse que acadou o seu obxectivo. Algúns dos contos provocan certo arreguiño, outros perplexidade no final (nalgúns casos non especialmente conseguida) e mesmo noxo, unha repulsión case construtiva, que nos afirma na nosa (tamén aparente) normalidade.

// **Marta Pérez**